

A NOSA BISBARRA



VERÁN 2009

Donativo 6€

Nº 19



EN VIANA, TRADICIÓN E CULTURA, XÚNTANSE

VIANA

CULTURA - OPINIÓN - ACTUALIDADE



DÚAS VIDAS IGUALES, PERO DIFERENTES

Agradecendo a liberdade que me brinda A Nosa Bisbarra para escribir; esta vez, contarei un anaquiño da vida de dúas mulleres, nadas na mesma época e na mesma aldea: "Quintela do Pando". As dúas tiveron que loitar moito para sacar as familias para diante nunha época tan difícil como a que lles tocou vivir.

Anita Basalo que apostou por quedar na aldea e Catalina Fernández que decidiu seguir o camiño da emigración. Imos coñecelas.

ANITA BASALO DOMÍNGUEZ

Anita naceu en Quintela do Pando no ano 1914. É a maior de dúas irmáns. Con seis anos xa experimenta a perda dun ser querido; faleceu o seu pai... a partir de aquilo, pouco tempo poido ir a escola, porque naquela época, nas mulleres non se consideraba moi importante que aprenderan a ler e escribir.

Cando ten 18 anos falece a súa nai, pasando ela a facerse cargo da casa e da súa irmá pequena.

Anos máis tarde, casa cun mozo da aldea, chamado Gumersindo Cibeiras. Destacar de SINDO a súa rama artística, el era o autor dos versos que decían nas comparsas do carnaval, e decindo brindis, (que era algo así como as regueifas) non había quen lle ganara. Tamén tocaba o bombo no grupo do aviador.

Anita tivo 5 fillos, pero falecéronlle dous ó pouco tempo de nacer. Recorda con emoción os seus nomes: Otilia e Ramón. Os outros tres son: Jesús, Miguel e Anita (que por coincidir o nome co da nai, decímoslle Anitiña), eles son o seu maior tesouro. Mentres estiveron na casa sempre lle axudaron moitísimo.

Lembrase cando pasou a peor época da súa vida; emocionándose ao recordar os seus pais, cando tamén quedou viúva, pero cando o seu fillo Jesús se mancara nunha rodilla e con só nove anos estivo moito tempo ingresado nun hospital da Coruña pasouno fatal.

Tamén foi un gran golpe cando Miguel marcha á mili, o Jesús está en Madrid e a Anitiña marcha para Alemaña, e queda ela e o marido, sos con catro vacas, cochos, ovellas, pitas e moito traballo por facer. Os fillos tiveran que emigrar, con grandísima dor de corazón, para tentar millorar a calidade de vida, porque na aldea non era viable e tiñan que labrarse un porvenir, pero cada vez que viñan de vacacións traballaban todo o que podían para deixarlles o traballo máis adiantado posible.



A querida Señora Anita, foisenos o día 6 de abril. Que Deus a teña no ceo que o ten ben merecido. Lembramosla "A Nosa Bisbarra"

Preguntolle: ¿Cales eran os traballos máis habituais que vostede solía facer? Contestame coa axuda do fillo: levantábase ás cinco da mañá, acomeraba as vacas, dáballe a comida ós porcos, e despois marchaba a regar, despois viña e ía a arar (parece ser que o que máis traballo lle daba era arar co arado de bertedera), pero facíao porque daquela non había maquinaria, e o mesmo había que arar, segar coa gadaña, engazar, sachar... etc. e inda porriba atender o gando e facer as tarefas domésticas, cousa que facía moi ben. Lembro sendo unha rapaciña que ía moito a súa casa, na vendima, na herba, na seitura, na malla, na matanza... etc. e sempre a tiña coma un jaspe.

O marido traballou moito tempo fóra nas obras, polo que era ela a encargada de todas estas actividades. Collía moitos bullotes, para os cochos e mesmo para comercializar, pero lembra que a seitura era unha época moi dura: segaban co fouce dende que rompía o día hasta que se vía algo, tamén botaban os cantares típicos da seitura, pois xuntábanse os veciños e traballaban en harmonía e a pesar de todo pasábano ben. Cando oscurecía, apañábanse os mollos, que os homes ataran, porque xa enfriara o pan e non degañaba tanto; hasta que non se rematara todo o que se segara durante o día non se marchaba, a veces eran as doce da noite cando ca luz da lúa se cerraba o último medouco. E logo chegar a casa e ponerllela cea a cuadrilla.

Voume soia, sen ánimo... Miña casiña, meu lar....

Despois da acarrexar, viñan as mallas; dice que ela normalmente valeaba o grao, coa valeadeira, ou espallaba a palla, a veces engazaba murgaños ou lles puña a palla nas pelgueiras os homes pa que apañasen o palleiro.

Tamén o liño, lle daba moito que facer a esta familia; sembrábano ascortiñas.

Había que regalo, non se lle podía deixar unha herbiña, logo segalo, mazalo, cardalo, espadalo, cocelas madeixas, tiñan que ir a lavallo ó río alá no bairo, despois Anita fiabao e levábalo a súa prima Luisa para que llo tecera e despois ela cosía as sábanas e tamén as bordaba.

Inda este verán con 94 anos puxose a coser coa súa máquina. Os seus fillos gardan como ouro en pano sábanas de lino feitas por ela, mesmo a Pilar (a muller do Jesús) fixo unhas cortiñas para súa cociña nova dunha peza de liño que están dignas de ver; sobre todo ó saber que o traballou Anita.

Anita foi unha gran bailarina; o que máis lle gustaba era bailar a muñeira; por eso; cando se fai a festa onde o forno, sae encima da escaleira e disfruta moito véndonos bailar. (Porque non pode que senón...).

Eu lembro que a señora Anita era a que decía a novena de S. Antonio, a de S. Sebastián, a de Santa Isabel, a das ánimas e tamén a do Calvario, que son catorce estacións e decíao todas de memoria. Pregúntolle se inda o recorda. E

aínda que a veces a memoria lle xoga malas pasadas, recítame sen dubidalo a primeira estación; e tan grande a súa fe... aprendeuno de oílo, pero non só isto, moitas cousas máis; di o seu fillo que sacaba cuentas de cabeza que a el lle costaba facer.

A señora Anita é un exemplo para tódalas mulleres do medio rural, viviu unha época moi difícil, pero soupo adaptarse en cada momento aos cambios que deu a vida. Criou tres fillos con moito traballo, pero tamén con moito cariño, así agora está recollendo todo o que antes sembrou.

O seu fillo Miguel cóidaa con cariño e esmero, talmente coma se fose a súa profesión. O Jesús só que haxa tres días festivos ou teña unhas pequeniñas vacacións xa está ao lado da súa nai, dándolle o seu amor e cariño. A Anitiña sube cada día a vela, e o mesmo cariño lle teñen noras e netos, pero todo o merece, esto e moito máis, porque ten un corazón tan grande, que toda a aldea a consideramos a nosa avoa.

E así leva pasados 94 anos, fai 95 en outubro e a pesar de tódolos avatares da vida, sempre os afrontou con optimismo e unha aptitude positiva pois raro era non vela cun sorriso na faciana. Por todo isto e moito máis, eu admiroa. E aprendín moito dela.

Señora Anita: que Deus a conserve moito tempo o noso lado.

CATALINA FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ

Catalina nace en Quintela do Pando o 25 de novembro do ano 1913, é a quinta de seis irmáns.

Contame a súa filla Carmen (a alemana) que foi catro anos á escola a casa de Doña Ubalda, pois así llelo contou a súa nai Catalina.

Con 10 anos foi para Pinza a aprender a coser cunha mestra do lugar. Ía coa a máquina ao lombo de aldea en aldea, pois así a mestra aproveitaba a coser tódolos encargos que tiña, pero Catalina non cobraba nada.

Cuando cumple 15 anos emigra a Argentina, porque xa estaba alí a irmá dela máis vella, Herminia mandoulle pasaxe, e tamén lle buscara traballo na casa dun médico de niñera, na que seguiu traballando dez anos hasta que con 25 anos casase cun mariñeiro alemán chamado Herman. Unha vez casados viaxan a Alemania, onde deciden quedar a vivir. Chegan a Alemania en xaneiro do 1939 e en agosto do mesmo ano estalla a guerra. Herman vaise á guerra e Catalina queda sola nun país que non fala o seu idioma, está embarazada do seu primeiro fillo que por mala sorte perde cando da a luz.

Herman viña a veces de permiso e así Catalina quedaba outra vez preñada. En novembro do 1940 nace a súa primeira filla viva: Carmen. Para entón, Catalina xa se defende bastante ben co idioma.

Había moitísimos bombardeos, en un deles estiveron a piques de morrer.



Catalina Fernández Domínguez

Catalina fora a mercar pan e deixara a Carmen no carriño porque enseguida volvía. Cando chegou estaba a casa destruída por unha bomba e a rapaciña dentro, según di Carmen que lle contou a súa nai "foi un milagro" quedou entre os cascallos pero protexida por as portas.

"Nuestras vidas son los ríos... que es el morir"

Catalina ten que andar fuxindo das bombas dun lado para outro coa súa filla e manténdose a duras penas.

No ano 1943 ten a segunda filla: Silvia. Ó final remata a guerra e Herman regresa a casa, como non ten onde vivir, vanse a casa dun amigo do marido que llela cede ata que non atopen algo.

No ano 1947 nace Miguel o terceiro fillo e único varón, e no 1948 ten outra nena Isabel.

Neste medio tempo Herman embarcase nun barco e Catalina volve a quedar soa, pero agora con catro fillos que criar.

Traballaba no que podía e vivían no límite das súas posibilidades “na máis absoluta pobreza”.

Cando Herman regresa do viaxe volve deixala en estado, e no ano 1951 nace a súa última filla, María Inés.

Herman queda no paro, polo que decide traballar pola súa conta amañando aparatos eléctricos, pero os ingresos non chegan nin para os gastos de el, moito menos para manter a familia, entón Catalina ten que traballar en traballos de labranza, collendo patatas, arrancan zanahorias, collendo fabas... etc. E de noite cosía para moitas familias, pero inda así non lles chegaba para vivir, así que a filla máis vella “Carmen” tamén axudaba. Tiña unha bicicleta na que ía a dez quilómetros a buscar a unha empresa de mariscos, dez quilos de camaróns. Botaban tres horas pelando neles, ela e a nai e a irmá, e logo tiñan que levalos outra vez a mesma empresa, polo que lle pagaban un marco, pero isto era unha gran axuda para a economía familiar.

No ano 1953 Herman, marcha a traballar a outra parte de Alemania, neste ano e medio non reciben diñeiro, nin saben onde se atopa. Chega o día que Catalina non ten nin siquera para mercar unha barra de pan, e deciden acudir ós servizos sociais a pedir axuda.

O servizo social busca a Herman e gracias a esto xuntase de novo a familia. Cando chegan cabo del, non tiña nada aforrado e tampouco tiña vivenda para todos, entón o

estado ponlle unha casa e co traballo de todos van tirando, (isto ocorre no 1955).

Herman adicabase a facer fotos polas casas, ás veces vendía algunha, pero sobrevivían gracias ao traballo de Catalina e algún dos fillos, e a pesar de tódolos problemas que tiñan, se chegaba algún paisano dela e precisaba axuda, ela tendíallela man, axudándolle no que podía, pois defendíase moi ben co idioma, e mesmo os acollía na súa casa, mentras non atopaban outro sitio.

Ao cabo de cinco anos, alí polo 1960 regresan a Hamburgo, porque o estado alemán restaura as vivendas derribadas na guerra e por fin volven a súa antiga casa. Aquí Herman atopa un traballo que lle gusta e ben remunerado e así van vivindo hasta que Herman se xubila.

O seu fillo Miguel, vendo tódalas visicitudes que pasara a súa nai, mércalle cos seus aforros unha vivenda en España, concretamente en Santander, pois Catalina sufría moito dos ósos e necesitaba vivir nun clima templado, que xa bastante frío pasara en Alemania.

Catalina a partir deste momento empeza a vivir realmente feliz, viña a Quintela todos os anos, dous meses de “vacacións” cabo do seu irmán Higinio; sembráballe as fabas, atendíalle as hortas, limpáballe a casa, non paraba de traballar, pero era feliz, porque estaba na súa aldea e coa súa xente, donde según ela nunca debiera marchar.

Pero a pesar de todo isto eu lembro, cando viña de vacacións que era unha señora moi elegante, e sempre me traía un detallíño.

Así vive ata o 24 de agosto do ano 1995 que falece en Alemania con 81 anos.

E isto é, unha pequeniña parte da historia real dunha muller loitadora, que pola difícil e delicada situación que estaba a vivir na súa aldea, emigra a outro país, en busca doutra vida mellor, pero que por mala sorte, nunca a encontrou.

Hoxe descansa no cementerio da súa querida aldea: Quintela do Pando.

NIEVES FERNÁNDEZ VIDUEIRA



*Si cantan, es ti que cantas
si choran, es ti que choras
i es o murmurio do río
i es a noite i es a aurora.*

*En todo estás y tú, eres todo
para mí y en mí mesmo moras
ni me abandonarás nunca
sombra que sempre me asombras.*

FOLLAS NOVAS

*Nieves Fernández
participando no
Antroido 2009
co Folión
de Quintela*

“A Nosa Bisbarra non esquece a niquén”